

AMONG US



PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PERSOAL

"Among Us"

Roberto Ponte Barca (4º A)

CEIP Gándara-Sofán

Curso 2020/21

En colaboración coa profe de ARCO: Milena

ÍNDICE



- 1) INTRODUCCIÓN
- 2) ORIGEN E CREACIÓN
- 3) CARACTERÍSTICAS
- 4) PERSONAJES
- 5) MODOS DE XOGO
- 6) PREMIOS E/OU RECOÑECEMENTOS
- 7) DESCARGA OU ACCESO
- 8) GLOSARIO DE TERMOS
- 9) CONCLUSIÓN PERSOALIS

1) INTRODUCCIÓN



O Among Us é un videoxogo multixogador. Pódese acceder a el facilmente, xa que é gratis. Pódese xogar desde a maioría de plataformas ou dispositivos, como videoconsolas, móbiles, tablets ou PC.

Neste libro poderás descubrir algúns dos seus detalles ou segredos.



2) ORIXE E CREACIÓN



O Among Us foi creado por tres persoas: Amy Liu, Marcus Bromander e Forest Willard. Inventárono o 15 de xuño de 2018, aínda que non saíu en Steam ata o 2020. Levoulles 12 meses terminalo, aínda que este tipo de xogos adoitan tardar máis. Ademais o proceso non foi moi custoso e inspiráronse nun xogo tradicional latinoamericano chamado "El poliladrón".



AMONG US

O único programador do equipo é Forest W. Amy Liu é a deseñadora do videoxogo e Marcus encargouse da súa animación. Os tres empregaron gráficos moi simples, pero isto non lles impediu ter un gran éxito.

O Among Us converteuse nun dos xogos máis famosos da empresa Innersloth.



3) CARACTERÍSTICAS

AMONG US

O Among Us é un xogo multixogador, isto é, para xogar a el debemos ser varias persoas. Accédese a el en liña e pódese crear unha partida privada entre amig@s ou unirse a outra xa montada con xente de todo o mundo.

Hai tres grandes servidores no xogo:

EUROPA-ASIA-AMÉRICA.





SER ANFITRIÓN

Crear Partida



PÚBLICA

Encontrar Partida



PRIVADA

Ingresar Código



AMONG US

Hai moitas maneiras de xogar, pero ante todo é un xogo de equipo ao que non se pode xogar só.

AMONG US

O xogo consiste nunha viaxe en nave espacial na que se teñen que completar todas as tarefas antes de que un impostor elimine a todo o equipo.

A duración media dunha partida ao Among Us está ao redor dos 15 minutos aproximadamente.

Dentro da súa variedade, podemos atopar no xogo 3 modos ou mapas diferentes: Skeld (nave), Polus e Mira HQ.






Neste xogo as destrezas principais son: traballo en equipo, capacidade de convención e a toma de decisións. É un claro xogo de "xogar ao despiste" porque trátase de enganar ao contrincante.

Entre a súa dinámica atópase:

- @s tripulantes deben rematar as tarefas e resolver as posibles sabotaxes que se poidan presentar, mentres descubren ao impost@.
- O impost@ debe eliminar aos compañeir@s e tratar de impedirilles que completen as súas tarefas a través de sabotaxes.
- Cando se atopa a alguén eliminad@ notifícase e discútese entre tod@s a quen culpar e expulsar da nave.

- Se na votación conxunta non se chega a consenso, séguese coa partida. En caso de non ter claro @ culpable, pódese "skipear" o voto.

- O foro de debate ábrese no momento en que alguén notifica a unha persoa eliminada, podendo facelo calquera personaxe. Pero, ademais, pódese facer dende un botón de emerxencias habilitado que soamente se poderá facer uso del unha vez por xogad@.



4) PERSONAXES



Neste xogo podemos aleatoriamente ser un destes dous personaxes: impost@ ou tripulante. A elección dos personaxes faise ao inicio de cada partida e pódese configurar o número máximo de participantes nos seus axustes. Nunha partida poden haber ata 10 xogador@s de máximo.

Unha vez nela, poden caracterizarse con diferentes cores ou accesorios ao gusto de cada quen.



AMONG US

IMPOSTOR@S: poden haber máis de un e a súa misión é eliminar aos tripulantes antes de que cheguen a completar as súas tarefas e non ser descubert@. Para iso terán que pasar desapercibid@s e finxir o rol contrario.

TRIPULANTES: deben rematar todas as tarefas antes de que sexan eliminad@s por algún impost@, ou ben descubrir quen son.

Os gañador@s da partida son os que antes rematen o seu obxectivo sendo sempre unha vitoria compartida, a menos que haxa un único impost@r.

5) MODOS DE XOGO




Existen 3 modos diferentes neste xogo, que son en realidade 3 tipos de mapas diferentes nos que xogar:




Pódese elixir antes de xogar de maneira voluntaria. En cada un deles hai diferentes tarefas da tripulación e varias sabotaxes e trampillas para os impostor@s.

TAREFAS


THE SKELD



SABOTAXES



TRAMPILLAS



TAREFAS




SABOTAGES




TRAMPILLAS




TAREFAS



SABOTAGES



TRAMPILLAS



6) PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

AMONG US

O Among Us recibiu dous premios importantes nos *GAME AWARDS* 2020.

Foron nas categorías de:

- Mellor xogo multixogador.
- Mellor xogo para móbiles.

A gala de entrega foi o 12/10/2020.



7) ACCESO OU DESCARGA

AMONG US

O acceso ao xogo non é o mesmo en todos os dispositivos:

Among Us

by Innersloth

An online and local party game of teamwork and betrayal for 4-10 playe...

\$5.00 USD or more

[Buy Now](#) with PayPal, Credit Card

Buy Among Us on Steam

An online and local party game of teamwork and betrayal for 4-10 players...in space!

3,99€

[Buy on Steam](#)

- Ordenador/PC: desde a páxina web de Innesloth hai que descargar o emulador BLUESTACKS. Despois iniciámolo e abrimos o arquivo e nel teremos o xogo.
- Tablets ou teléfono móbil: dependendo de se o sistema operativo sexa de Android ou Ios, podemos descargalo desde Google Play, Play Store ou App Store.
- Videoconsolas: de momento só se pode desde Nintendo Switch, onde se descarga desde a súa plataforma.



8) GLOSARIO DE TERMOS



- AFK/FK (en inglés "Away From Keyboard"): tempo que no un xogador/a está ausente no xogo.
- Banear: non permitir que un usuario empregue a aplicación.
- Beta: primeira versión dun xogo estable.
- FPS (en inglés "Frames Per Second"): é a medida de fotogramas que un videoxogo amosa por segundo.
- Hack/hackear: alteración intencionada do xogo para obter un beneficio.
- Kill: eliminar a un xogador/a.
- Lag/ter lag: fallos da conexión á rede que dificultan ou impiden xogar con normalidade.
- Skill: habilidade dun personaxe ou da persoa que xoga.
- Skip: saír.
- Use: usar/empregar/acceder.
- Vent: conduto de ventilación (trampilla).

9) CONCLUSIÓNS PERSOAIS



A verdade é que non me inspirou moito... pero fixo soportable o luns.

Por outra banda, en si, gustoume facelo. Creo que a moit@s
compañeir@s lles podería gustar.